

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A AVALIACIÓN DA EDICIÓN 2019 DE FESTIVAIS DE MÚSICA REFERENTES EN GALICIA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O *director da Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic)* **DECLARA:**

Que a *Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic)* ten previsto formalizar coa **Universidade de Santiago de Compostela** o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o **20 de decembro de 2019**.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

O obxecto deste convenio é a avaliación da edición 2019 dos festivais de música referentes en Galicia de cara coñecer os roles e perfís adoptados polos diferentes públicos aos que se dirixen e o impacto económico, social e mediático mediante a atracción directa, indirecta ou inducida de turismo, a fixación do gasto, a creación de emprego, ao aumento da visibilidade ou xeración de orgullo e arraigamento local.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

Avaliar a cultura resulta fundamental de cara a unha xestión eficiente dos recursos e, consecuentemente, para aplicar melloras nos procedementos e na intelixencia organizativa que permitan incrementar a produtividade e a eficiencia no seu uso. Neste contexto, a toma de decisións na asignación de recursos débese facer máis que nunca seguindo criterios de calidade, impacto, eficiencia, eficacia e pertinencia que permitan o crecemento socioeconómico dunha comunidade, localidade, país ou rexión e unha mellora substancial nas condicións de vida da súa poboación.

Medir o impacto dun evento cultural nas súas dimensións económica, social e comunicativa co obxectivo de ter datos que xustifiquen o investimento público, atraian investimento privado e motiven a asistencia de público, establecer posibles relacións entre as variables das diferentes dimensións de análise dos eventos co fin de establecer propostas que apoién a toma de decisións e permitan a mellora nos campos da comunicación, a programación e a xestión económica dos eventos son os principais obxectivos do traballo de avaliación que se pretende levar a cabo, que analiza seis festivais de música referentes en Galicia. Coñecer os intereses de cada *target*, as súas demandas, grao de satisfacción e niveis de implicación redundará nunha mellora da eficacia, eficiencia e pertinencia das accións realizadas en futuras edicións. O interese que espertou esta iniciativa xurdida en 2018 coa análise de cinco festivais integrados no programa Fest Galicia (Portamérica, de Caldas de Reis; Resurrection Fest, de Viveiro; Festival SinSal, da Illa



de San Simón; Sonrías Baixas, de Bueu, e Revenidas, de Vilaxoán) e o seu éxito canto á información recollida e analizada, aconsellan estender estes estudos e análises de impacto a outros festivais de música galegos.

Os festivais, e sobre todo os festivais de música, constitúen un dos eixos máis representativos e dinámicos do patrimonio cultural que non só cumpren o seu papel tradicional de presentar a difundir a cultura dunha sociedade. Na actualidade, e debido ás súas repercusións nos territorios, os festivais forman parte esencial das estratexias de desenvolvemento social dos territorios dende o punto de vista social, cultural, turístico ou económico, pois a cultura xera impactos en termos de produción e emprego. Neste marco, é imprescindible contar con estudos que analicen a contribución destes eventos -de tanta importancia tanto cuantitativa coma cualitativamente na comunidade galega- e o seu impacto no territorio.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela.

